

AGUEIRO: comunidades educativas virtuais

Crear unha páxina



O usuario crea unha nova páxina no seu portafolio cando quere mostrar varios contidos dixitais xuntos ou organizados de algunha maneira, para presentarles algo aos demais usuarios, para mostrar os progresos nun determinado proxecto, ... etc.

Como crear unha nova páxina

Para crear unha nova páxina, entra no teu portafolio e pulsa o botón "**Nova páxina**".

A. Modificar título e descrición

1. Título da páxina

Introduce un título para esta nova páxina. Este campo é obrigatorio e polo tanto non pode quedar baleiro. Se non introduces ningún título a páxina titularase de forma automática como "Sen título".

2. Descrición da páxinas

Podes escribir unha pequena descrición, a modo de resumen dos obxectivos desta páxina

3. Etiquetas

Podes introducir etiquetas para que sexa máis fácil de atopar esta páxina posteriormente. Separa as etiquetas con comas. Se xa creaches etiquetas anteriormente, podes facer clic no enlace **Ver as miñas etiquetas** e seleccionar as que penses que son adecuadas para esta páxina tamén. Introduciránse de forma automática no campo de texto.

4. Formato para mostrar o nome

Elixe cal será o nome que queres que apareza na páxina para identificar ao autor.

5. Pulsa sobre o botón **Gardar** para facer efectivos os cambios e continuar no apartado **Modificar o contido**

B. Modificar o contido

Despois de pulsar o botón "Gardar" na pantalla anterior, aparece a pantalla "**Modificar o contido**".

Nesta pantalla será onde realmente se insertan os distintos elementos dixitais dentro da páxina, seleccionando a área ou áreas onde queres colocar cada elemento.




Para introducir un elemento dentro da páxina, por exemplo unha imaxe, fai clic e arrastra ese elemento sobre a páxina. Verás que cando arrastras algún elemento sobre a páxina aparecen as áreas ou zonas nas que se divide esa páxina. Solta ese elemento sobre a zona que queiras.

Se queres cambiar a estrutura de zonas nas que está dividida a páxina, deberás pulsar sobre o menú "Modificar estrutura" da parte superior (banda horizontal negra).

C. Modificar a estrutura

Podes modificar a estrutura de calquera páxina desde esta opción de menú.



Esta pantalla mostra unha simulación das áreas que se poden definir nunha páxina. Selecciona o tipo de estrutura que desexas para a túa páxina e pulsa o botón "**Gardar**".

Se non te convence ningunha das estruturas predeterminadas, pulsa sobre o enlace "Opcións avanzadas" para crear a túa propia estrutura personalizada.

Se pulsas o botón "**Listo**" que aparece no fondo da pantalla, a páxina xa estaría creada. De calquera xeito, aínda quedan dous menús máis que deberías ter en conta: "**Vista previa**" e "**Compartir páxina**".

D. Vista previa

Desde esta pantalla podes ver como queda exactamente a túa páxina.

En "Vista previa" non podes modificar nada, senón que simplemente serve para facer unha presentación preliminar do aspecto final da páxina que estás creando.

Para volver ás opcións de edición pulsa o botón "**Modificar esta páxina**" (esquina superior dereita da pantalla) ou o botón "**Voltar**" (esquina superior esquerda da pantalla) para volver á pantalla na que estabas cando pulsaches a opción de vista previa.

D. Compartir páxina

Nesta pantalla podes decidir a que usuarios lles permites ver ou acceder a esta páxina que acabas de crear. É dicir, desde aquí podes configurar os permisos de acceso para un único usuario ou para múltiples usuarios.

Modificar os permisos de acceso ⁱ

IMPORTANTE: Por defecto, só ti podes ver as túas páxinas e coleccións de páxinas.

Se queres que outros usuarios poidan ver as túas páxinas ou coleccións, selecciona as páxinas que queiras e escolle a qué usuarios lles das permiso para elas.

Podes marcar varias páxinas ao mesmo tempo para darlles os mesmos permisos de acceso a todas. Cando remates, preme no botón **Gardar** que aparece no fondo desta pantalla.

A URL secreta non se pode establecer nesta páxina, xa que deben ser xeradas de forma individual. Para configurar as direccións URL secretas, volve á lista das coleccións ou as páxinas .

Páxinas Seleccionar todo Des-seleccionar todo

Páxina de proba Proxecto "Ángu...

Compartir con

Compartir coas miñas comunidades

IES Centro de Probas

Compartir cos meus grupos

Todos os meus grupos

1º ESO - A

Compartir con outros usuarios e grupos

— > **PULSA AQUI para buscar usuarios e grupos** —


Engadido

Actualmente só ti podes acceder á páxina(s) ou colección(s) seleccionada(s).
Agora podes seleccionar as persoas que queiras darlles permisos de acceso ás túas páxinas ou coleccións.

— > **Opcións avanzadas** —

Gardar
Cancelar

Na parte esquerda da pantalla aparecen, en vertical, a comunidade da que es membro así como os grupos aos que pertences.

Verás que diante da comunidade e mais de cada un dos grupos aparece o botón . Pulsa ese botón para permitirilles o acceso á túa páxina a todos os membros dun determinado grupo ou ben a todos os membros da túa comunidade.

Para permitirilles o acceso a outros usuarios de forma individual, pulsa sobre o enlace "**Pulsa aquí para buscar amigos e grupos**"

Compartir con

Compartir coas miñas comunidades

IES Centro de Probas

Compartir cos meus grupos

Todos os meus grupos

1º ESO - A

2º ESO - A

Compartir con outros usuarios e grupos

▼ **PULSA AQUI para buscar usuarios e grupos**

Buscar

— > **Opcións avanzadas** —

Gardar
Cancelar

No despregable "Buscar" podes seleccionar tres tipos de destinatarios:

- Amigos/as
- Grupos
- Usuarios

Selecciona unha das tres opcións e pulsa o botón "**Ver**" para poder seleccionar un deles da lista que se mostra na pantalla.

Tamén podes introducir un criterio de busca (antes do botón "Ver") para mostrar os elementos que se correspondan con ese criterio de busca.

▼ Opcións avanzadas

Permitir comentarios

Se está marcado, os usuarios poderán escribir comentarios

Moderar comentarios


Os comentarios permanecerán como privados ata que ti os aprobes

Permitir a copia


Marca esta casilla se queres que outras persoas poidan ver e copiar as páxinas ou coleccións seleccionadas, incluídos os ficheiros e carpetas que conteñen.

Modificar as datas de inicio e fin

Se queres, podes modificar as datas de inicio e fin.
Os demais usuarios non poderá ver a túa páxina antes da data de inicio ou despois da data de fin.

Data/hora de inicio para o acceso 

Emprega o formato YYYY/MM/DD HH:MM

Data/hora para o final do acceso 

Emprega o formato YYYY/MM/DD HH:MM

No enlace "**Opcións avanzadas**" podes seleccionar algúns permisos a maiores para os usuarios que visiten a túa páxina, como por exemplo permitir ou non que os usuarios poidan introducir comentarios na túa páxina, permitir ou non que os usuarios poidan facer unha copia desta páxina ou tamén introducir unhas datas de inicio e fin entre as que a páxina estará dispoñible para os demais usuarios.



Debes lembrar que ...

Por defecto, ninguén poderá acceder ás túas páxinas mentres que ti non configures os permisos de acceso para algúns usuarios individualmente, para os membros dos teus grupos ou para os membros da túa comunidade.